



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Pobra do Caramiñal. Parroquias: Santa Cruz de Lesón, ao norte; Santa María a Antiga do Caramiñal, no centro, Santiago do Castelo ao leste, e Santa Cruz de Lesón ao norte. Extensión: 10,19km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa composta por unha litoloxía xistosa na que poden diferenciarse dous sectores. Ao sur, un promontorio rochoso e recortado, con barrancos activos, que culmina na Punta de Cabío; e ao norte, unha liña costeira recta e cóncava na Enseada do Caramiñal, marcada pola existencia dunha falla. Ao fondo da chaira litoral, de gran desenvolvemento continental, obsérvanse as potentes pendentes das vertentes da Serra do Barbanza, superiores en ocasións ao 60 %.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade modélase en xistos e paragneises de Idade precámbrico-silúrica, pertencentes ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas. Nas vertentes e cima da Curota, aparece un granito hercínico de dous micas de gran medio e grosso con megacrístais. Ao suroeste deste cume, na lomba que se alonga nesa dirección, aparece un enclave de granodiorita biotítica con megacrístais de Idade tardihercínica. No Polígono Industrial da Tomada e no Río Morto, aparecen senllos enclaves do mesmo material e menor tamaño. O Cuaternario, ademais dos sedimentos areosos da Pobra, toma consideración tras a capital, na chaira aluvial formada pola confluencia dos cursos Río Morto e Río Tilleiro.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido na fachada costeira definido por temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións acumuladas de 1200mm e 1400mm ao ano; a amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A vertente está máis exposta ás masas de aire húmidas oceánicas aumentando as precipitacións coa altitude, de maneira que se superan os 1400mm xa a media ladeira e pódense alcanzar os 1800mm no alto da Curotiña, onde ademais a temperatura descende lixeiramente situándose entre 13°C e 14°C. Este sector montañoso inclúese no ambiente climático Temperado e Moi Húmido.

OS SOLOS

Chaira costeira intensamente modificada pola presenza do núcleo urbano da Pobra do Caramiñal e os asentamentos e infraestruturas anexas, o que deu lugar a chans transformados do tipo antrosol. Na liña da costa hai arenosos asociados ás praias fundamentalmente ao sur da unidade. Cara ao interior, nas áreas de topografía suave fórmanse cambisols dístricos de aptitude agropecuaria mentres que nas ladeiras e cume do alto da Curotiña aumenta notablemente a pendente e os chans son esqueléticos do tipo regosol ou mesmo leptosol lítico cando aflora o substrato granítico en superficie.


AS AUGAS

Esta unidade presenta unha ampla chaira costeira cunha lixeira inclinación cara ao sur do núcleo da Pobra do Caramiñal, onde conflúen as augas de escorrentía recollidas en toda a unidade. A ela, pola súa marxe esquerda, van parar os ríos Manle e Trilleiro, procedentes das ladeiras dos cumes do noroeste. As Augas Costeiras son as da Pobra do Caramiñal (20160).

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence á IBA Contorna Mariña das Rías Baixas. Fronte moi transformada na capital, é de dominio sedimentario con algún sector rochoso no resto. Nestes recoñécense hábitats 1230, cantís mariños atlánticos e 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados, tamén presente nas praias. As dunas atlánticas (grupo 21), e potencialmente o 2230, céspedes de Malcolmietalia, aparecen na Praia de Laxe e, moi degradados, na Praia da Lombiña. Hai unha pequena marisma moi transformada (grupo 13) tras a Praia do Areal. De alí xorde unha vea fluvial que vai sumando bosquetes ripícolas (91E0) e prados húmidos (potencial para os hábitats 6420 e 6430) onde a presión urbana e agrícola non o impide. Son varias canles, cuxos cursos principais, Xunderama e Tilleiro, conteñen o maior valor ecolóxico. Non faltan numerosos rodais de recolonización en toda a parte baixa da unidade. Nas partes altas, o dominio corresponde aos breixais secos europeos (4030) e as pendentes rochosas con vexetación casmofítica (grupo 82).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na fachada costeira existen numerosos areais, o areal máis grande ao noroeste da unidade constitúe o do Caramiñal, próximo a este desenvólvese o núcleo urbano da Pobra de Caramiñal, que ademais de ter peso desde o punto de vista turístico na comarca, tamén está moi vinculado á actividade pesqueira e de marisqueo que se desenvolve na zona. Ditas actividades aséntanse na zona portuaria, ao norte, tamén existe un porto deportivo. No resto do núcleo urbano destaca o uso hostaleiro e outras industrias do sector que se desenvolven mesturadas paralelamente á praia do Caramiñal. Na periferia urbana hai vivendas asociadas ao uso agrícola que non chegan a formar ningún núcleo importante; destaca tamén o polígono industrial da Tomada, próximo á autovía do Barbanza. Dita vía divide a serra do resto da unidade. Nas cotas baixas da mesma predomina o bosque de repoboación. Ao sur da unidade os abundantes areais entre os que destaca praia de Cabío, dotan á unidade dun alto valor para as actividades de lecer e turismo. Nesta área, as vivendas están diseminadas polas marxes das estradas que estruturan a unidade. Desde a serra do Barbanza cara ao litoral conflúen varios cursos de auga entre os que destacan os de Morto, Tilleiro e Manle que se funden co anterior.

MORFOLOXÍA

O núcleo urbano da Pobra do Caramiñal (NIL) destaca pola intensa ocupación da súa fronte ao litoral con edificacións residenciais de maior volume, combinadas cos asentamentos orixinais adaptados ao uso tradicional típico dos pobos costeiros da zona. Destacan tamén as naves de uso industrial ao leste e no centro da unidade, no ámbito portuario. Ao sur aparecen construcións diseminadas de vivendas unifamiliares. No resto da unidade abundan as edificacións de carácter agrario e residencial.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As vías principais son a AC-305 que dá entrada e saída ao núcleo da Pobra e comunica pola franxa costeira os núcleos máis relevantes da comarca. A AC-302 é outra estrada que dá acceso ao polígono da Tomada desde o núcleo urbano, desde esta iníciase a subida até os miradoiros da Curotiña e A Curota. Ambas comunicanse co trazado da autovía AG 1.1 do Barbanza que separa á unidade das pendentes pronunciadas propias da serra, onde hai pistas forestais e devasas. No núcleo urbano a creación dun paseo marítimo que transcorre paralelo á praia do Caramiñal. Os núcleos diseminados polo parcelario existente atópanse comunicados por estradas secundarias (C-6702 e a C-6703) en cuxas marxes se produciron a maior parte dos devanditos asentamentos. O porto da Pobra constitúe outra vía de entrada desde a ría de Arousa.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio etnográfico ubícase no centro do núcleo de A Pobra, onde podemos encontrar numerosas mostras dun núcleo de tradición mariñeira tanto na arquitectura civil como na industrial coa presenza de antigas fábricas salgadeiras, destacan os elementos declarados Bens de Interés Cultural como a Torre de Bermúdez, actualmente empleada como museo en honor ó escritor Valle-Inclán e a Torre-Fortaleza de Xunqueiras na periferia da cidade. Outras edificacións como o Pazo do Couto e a casa Grande de Aguiar xunto á Igrexa de Santiago de Deán e a de Santa Mª Antiga do Caramiñal xunto co grupo que conforman fontes e cruceiros convirten esta vila nun singular enclave. O patrimonio arqueolóxico repártese entre as parroquias de Lesón e O Xobre, nelas atopámonos coas mámoas da Cova dos Mouros e os petróglifos de Pedra Leirada. Tamén temos o convento de San Antón, a necrópole do Monte das Animas e o Castro de Punta Ostreira. Destacar a procesión do Nazareno (tamén chamada das Mortaxas ou Mortallas)

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade presenta unha ampla chaira costeira cunha lixeira inclinación cara ao sur do núcleo da Pobra do Caramiñal, onde conflúen as augas de escorrentía que proveñen do alto da serra do Barbanza. Na periferia do núcleo, o armazón da rede viaria estrutura os asentamentos dispersos existentes no parcelario agrícola. O desenvolvemento industrial é notable, con numerosas naves da industria conserveira no ámbito portuario e o polígono da Tomada. Os abundantes areais no litoral comezan na enseada da Mercé onde se asentou o núcleo da Pobra e desde aquí sucédense as praias na península do Xobre. Na zona elevada, a vexetación autóctona desapareceu dando paso ao arboredo de repoboación, sobre todo, nas ladeiras baixas lindadeiras coa autovía do Barbanza.

DINÁMICA DA PAISAXE


O notable crecemento da Pobra do Caramiñal coa consecuente perda do carácter tradicional que posuía, principalmente debido á presión urbanística, favorecida tamén polo auxe da industria marítima pesqueira grazas á ampliación do ámbito portuario propiciaron esta situación. Obsérvase o crecemento dos núcleos e novos asentamentos de uso residencial nas marxes das estradas debido á mellora e creación de novas redes viarias substituindo os camiños rurais que antes estruturaban o parcelario destinado ao cultivo, sumándose a unha trama de edificacións de carácter rural bastante diseminada na península do Xobre. A desvinculación da poboación co uso agrícola favoreceu o crecemento da masa forestal. A paisaxe viuse alterada de forma intensa coa apertura do polígono industrial da Tomada e a ruptura da continuidade entre a serra e a chaira polo trazado da vía do Barbanza.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Na franxa litoral aséntase o núcleo urbano da Pobra do Caramiñal coa serra ao fondo, creando unha calidade escénica de singular beleza. Entre estes dous elementos aséntanse, nunha paisaxe aplanada, as vivendas unifamiliares de uso residencial vinculadas ao parcelario agrícola existente. Unha poboación das características da Pobra posúe un importante peso específico para vertebrar a comarca na que se sitúa, desde o punto de vista cultural a arquitectura civil e relixiosa destacable sitúase no centro do núcleo con pazos, igrexas e casas declaradas como Ben de Interese Cultural Máis afastado do núcleo na periferia da unidade destaca o Pazo e Torre de Xunqueiras. Escolléronse dous puntos de observación na parte máis alta da periferia da unidade, con cotas de 350 m onde xa se sitúa un miradoiro, e outro punto de 500 m, no alto de Curros, tamén denominado Petón do Cabalo.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



